


Marca NIMF nº 15: TRATAMIENTO DE CALOR



- **ES:** código ISO de España
- **CP:** dous díxitos que identifican a provincia na que se atopa situada a sede social da empresa.
- **XXXX:** código asignado por la D.X. de Recursos Agrícolas e Gandeiros do MARM.
- **HT:** siglas que identifican o tratamento a que foi sometido a embalaxe; tratamento térmico (HT, "Heat Treatment").

MODELO DE PASAPORTE FITOSANITARIO

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	00001
PASAPORTE FITOSANITARIO CE ES-11	
NOMBRE LATINO _____	
CANTIDAD _____	
Z.P. _____	
R.P. _____	
PAÍS DE ORIGEN _____	
Nº DE SERIE/LOTE _____	

Explicación dos distintos campos do pasaporte fitosanitario:

1. Pasaporte Fitosanitario CE
2. Nome ou código do estado membro da comunidade europea, (ESPAÑA): ES
3. Nome ou código do organismo oficial responsable (Galicia): 11
4. Número de Rexistro: estará composto polo Código provincial (15- Coruña, 27-Lugo, 32 Ourense e 36-Pontevedra, seguido das catro cifras do número secuencial do rexistro, por exemplo un número de rexistro podería ser o 36-8960.
5. Nome latino: nome da especie de que está composta a mercadería. Deberá poñerse en latín e maiúscula, por exemplo PINUS SPP.
6. Cantidade: Número determinado de unidades dun mesmo produto identificables
7. Distintivo ZP: se é o caso, as siglas da zona ou zonas protexidas para as que se autoriza a circulación.
8. Distintivo RP: se é o caso, o número de rexistro do produtor orixinario.
9. País de orixe: ou de procedencia dos produtos, soamente se cumprimentará cando sexa un país terceiro, no membro da UE.
10. número de serie: datos de control que deberá levar o expedidor do pasaporte para que nun momento determinado poida identificarse unha partida. Pode ser o número de lote, a semana do envío, etc.

pola homoxeneidade da súa composición e orixe incluídas nun mesmo envío.

MATERIAL	REQUISITO	VIGOR
Madeira e cortiza illada sensible (excepto casos contemplados a continuación, pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada natural)	PASAPORTE FITOSANITARIO (Indicación de tratamento térmico - temperatura de 56° C durante 30 minutos no centro da madeira, que garanta que está libre de NMP vivos)	<i>Decisión 2006/133/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2006 e modificacións posteriores.</i>
Madeira sensible en forma de astillas, partículas, desperdicios o refugallos de madeira obtidos parcial o totalmente desas coníferas	PASAPORTE FITOSANITARIO (Indicación de ser sometida a un tratamento de fumigación apropiado que garanta que está libre de NMP vivos)	<i>Decisión 2006/133/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2006 e modificacións posteriores.</i>
Madeira sensible, en forma de madeiros de estibar, separadores e vigas, incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, así como en forma de caixóns, caixas, excepto as fabricadas enteiramente en madeira de 6 mm ou menos de grosor, gaiolas, tambores de embalaxe e contenedores similares, paletas, paletas caixa e outras plataformas para carga ou abrazadeiras de paleta, independentemente do seu uso efectivo no transporte de mercaderías de calquera tipo	Marca NIMF 15 (Indicación de que a madeira sexa sometida a un dos tratamentos autorizados que se especifican no Anexo I da NIMF 15)	<i>Decisión 2006/133/CE da Comisión, de 13 de febreiro de 2006 e modificacións posteriores.</i>



A PRAGA DO NEMATODO DO PIÑEIRO

(Bursaphelenchus xylophilus)

A PRAGA DO NEMATODO DO PIÑEIRO (*Bursaphelenchus xylophilus*)

Desde o ano 1999 para evitar a entrada á nosa Comunidade Autónoma da praga coñecida como nematodo da madeira do piñeiro (NMP), que está causada polo organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle *et al.* tomaronse unha serie de medidas preventivas, incluídas no Plan de continxencia contra o nematodo, levado a cabo nesta C.A. No marco deste Plan confirmouse a presenza da mesma nunha masa forestal do termo municipal das Neves (Pontevedra).

A Consellería do Medio Rural publicou o Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro (DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2011), polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle *et al.* e ordénanse as medidas para evitar a súa propagación

Con este decreto póñense en marcha as labores de control e erradicación deste organismo e nel inclúense medidas a tomar por todos os sectores implicados:

CORTAS NA ZONA DEMARCADA:

Parcelas dentro da zona de corta preventiva (1,5 km de radio):

Todas as árbores de especies sensibles dentro desta zona deben ser cortadas.

Para realizar a corta pola súa conta os propietarios deben solicitar un permiso de corta á Dirección Xeral de Montes.

O prazo para solicitar estes permisos é ata o 4 de febreiro de 2011.

O prazo para realizar a corta e retirada das árbores é ata o 20 de marzo de 2011 (excepcionalmente ata o 27 de marzo).

A madeira das parcelas onde os propietarios soliciten permiso de corta debe eliminarse mediante corta, extracción, transporte e procesado nunha industria da madeira situada dentro da zona demarcada. A madeira dos árbores secos deberá ser incinerada.

Nas parcelas para as que non se solicite permiso de corta a Administración efectuará os traballos cos seus propios medios ou mediante contratos con empresas do sector.

En caso de existir árbores secos ou con síntomas do ataque da praga, estes deberán deixarse na parcela, en pe ou apeados, de forma que a Administración se fará cargo da súa retirada e destrución no momento de realizar as labores de recollida dos restos de corta. É conveniente informar ós inspectores de sanidade vexetal da presenza destas árbores para proceder á súa retirada e destrución o antes posible.

Todos os restos de corta das árbores deben ser retirados das parcelas e procesados de forma que se elimine o risco de propagación. Estas labores correrán a cargo da Administración.

Parcelas dentro da zona demarcada (entre 1,5 e 20 km):

Todos os propietarios que queiran realizar cortas nesta zona teñen que solicitar un permiso de corta á Dirección Xeral de Montes.

A madeira proveniente destas cortas debe enviarse a serradoiros ou industrias da madeira situadas dentro da zona demarcada.

En caso de existir árbores secos ou con síntomas do ataque da praga debe comunicarse ós servizos de sanidade vexetal ou de montes e a Administración encargarse da súa retirada e eliminación.

Todos os restos de corta deben ser retirados das parcelas ou astelados ata un tamaño de partículas inferior a 3 cm. neste caso poderán deixarse na parcela. No caso no que os restos presenten diámetros superiores a 5 cm poderán triturarse mediante dobre pasada con desbrozadora de martelos de forma que o diámetro máximo das partículas resultantes non excedan os 3 cm. Asimesmo limitaráse ó máximo posible as podas nas repoboacións forestais sendo obrigatorio a eliminación dos restos de poda mediante queima, astelado ou trituración con desbrozadora de martelos co fin de que o diámetro dos restos non exceda dos 5 cm.

Para os tratamentos necesarios en masas de repoboados poderán utilizarse desbrozadoras de cadeas ou martelos.

As cortas poderán realizarse de forma normal entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano. Entre o 1 de abril e o 31 de outubro todas as parcelas para as que solicite corta deberán ser inspeccionadas polos servizos de sanidade vexetal antes de realizarse esta, e a autorización de corta estará supeditada a unha autorización especial que concederá a Dirección Xeral de Montes para cada caso concreto.

Posto que, aínda que no decreto se especifica que toda a madeira da zona demarcada debe ser procesada en industrias da madeira, é posible que parte desta teña como destino o consumo como leña nos fogares da zona, non se permitirán as leñeiras ó aire libre nin a acumulación de madeira en rolla ou ramas sen procesar a partir do 1 de abril. Daranse unhas recomendacións para o tapado das leñeiras e a posibilidade de aplicación de tratamentos insecticidas.

SERRADOIROS E INDUSTRIAS DA MADEIRA:

Toda a madeira dos parques das industrias da madeira ou as embalaxes deste material para saír da zona demarcada deberán ser tratadas nunha das industrias autorizadas mediante o tratamento térmico axeitado.



Para verificar o cumprimento destes tratamentos realizaranse controis continuados dos cadros de temperaturas podendo realizarse inmovilizacións dos produtos que non cumpran ou esixirlle ó serradoiro que non comercialice a mercancía ata realizar as comprobacións necesarias para verificar que cumpre coa normativa.

Esta madeira, para saír da zona demarcada, unha vez tratada, debe ir acompañada do correspondente pasaporte fitosanitario ou, no caso de madeira para embalaxes, da correspondente marca da NIMF-15.

Os serradoiros deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais e Productos Vexetais para poder emitir o correspondente Pasaporte Fitosanitario e no Rexistro Oficial de Empresas con Tratamento de Calor, no caso de ter instalacións para aplicar dito tratamento e poder emitir a marca da NIMF-15.

Prohíbese a saída da zona demarcada de plantas, madeira, cortiza, embalaxes, subproductos e calquera outro material de madeira de plantas sensibles, sen os controis oficiais que garantan que se atopan libres de praga coa correspondente documentación acreditativa.

Excepcionalmente e logo de autorización emitida pola autoridade sanitaria poderá ter outro destino fóra da área demarcada, sempre que as industrias de destino estean notificadas á Comisión.

No período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de cada ano ata a declaración da erradicación do foco só se permitirá a súa saída da zona demarcada baixo control oficial en forma de estelas ou partículas de menos de 3 cm en camión pechados para o seu procesamento nas 24 horas seguintes a súa recepción. Neste período non se permitirá a saída de cortiza ou outros subproductos da zona demarcada.

Só se permitirá a venda polo miúdo dos costeiros, cortiza e outros restos dos serradoiros de madeira da zona demarcada no propio concello ou en concellos limítrofes no que se localiza o serradoiro.

Os movementos de madeira dende o parque de monte ata o serradoiro ou industria que a vai a procesar deben ser notificados ás autoridades de sanidade vexetal cunha antelación mínima de 72 horas e deben ir acompañados dun documento que autoriza ese movemento (Documento de Acompañamento 1).

Os movementos de madeira entre un serradoiro que non dispón de instalacións de tratamento ata outro no que se vai a realizar este tratamento deben ser notificados ás autoridades de sanidade vexetal cunha antelación mínima de 72 horas e deben ir acompañados dun documento que autoriza ese movemento (Documento de Acompañamento 2).

Os aserradoiros da zona demarcada deberán:

- a) Identificar e rexistrar as entradas de madeira nos parques e a orixe destes.
- b) Arquivar as autorizacións de corta e documentos de acompañamento da madeira procedente da zona demarcada ou de fóra desta.
- c) Facer unha almacenaxe da madeira que permita a súa clasificación en lotes o máis homoxéneos posibles e a súa mostraxe.
- d) Gardar os rexistros de todos os tratamentos térmicos efectuados e un listado que os relacione cos lotes expedidos polas industrias así como o resto das medidas previstas para poder empregar a marca da NIMF 15.
- e) Rexistrar as partidas de madeira expedidas con pasaporte fitosanitario.
- f) No caso dos serradoiros que non dispoñan de forno, deberán poder acreditar que a madeira foi tratada correctamente na industria na que se lle dera o tratamento.

TRANSPORTISTAS E OUTRAS INDUSTRIAS QUE UTILICEN EMBALAXES DE MADEIRA:

Todos os embalaxes de madeira procedentes da zona demarcada, para saír desta, deben haber sido tratados mediante o tratamento térmico axeitado e ir identificados coa marca NIMF-15 que o acredita.

Permitirase o tránsito de vehículos con embalaxes de madeira pola zona demarcada sempre que o transportista poida xustificar documentalmente que a mercadoría non procede de dita zona. Estes tránsitos estarán condicionados ós seguintes tempos:

- Un máximo de 24 horas dende o 1 de novembro ata o 1 de abril.
- Un máximo de 5 horas dende o 2 de abril ata o 31 de outubro.



Aquelas empresas que esten dentro da zona demarcada deberán utilizar para os seus envíos fóra desta zona embalaxes que reciban o tratamento térmico axeitado e esten identificados coa marca NIMF-15.